



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Rehabilitación no Adulto con Discapacidade Física	Código	653G01302	
Titulación	Grao en Terapia Ocupacional			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Santos del Riego, Sergio Eduardo	Correo electrónico	sergio.santos.delriego@udc.es	
Profesorado	Montoto Marqués, Antonio	Correo electrónico	antonio.montoto@udc.es	
	Rodríguez Sotillo, Antonio		antonio.rodriguez.sotillo@udc.es	
	Santos del Riego, Sergio Eduardo		sergio.santos.delriego@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa Rehabilitación médica no adulto con discapacidade física.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Non se realizarán cambios.</li><li>- A docencia da materia durante o curso 2021-2022 realizarase de maneira híbrida (presencial+no presencial), según pandemia da covid e outros considerandos (aula axeitada ou asuntos institucionais e académicos do cada profesor).</li></ul> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades iniciais</li><li>- Sesión maxistral</li><li>- Estudo de casos</li><li>- Proba escrita</li></ul> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Ningunha.</li></ul> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <p>Correo electrónico: Diariamente, coa excepción dos fins de semana e festivos. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais e para resolver dúbidas. Responderáanse preferentemente en horario de mañá dos días laborais.</p> <p>Campus Virtual: Segundo a necesidade do alumnado. Responderase preferentemente en horario matutino de días laborais. Dispoñe de foros.</p> <p>Titorías según calendario oficial: Presencial o Teams a criterio do profesor, según contexto.</p> <p>Baixo ningún concepto responderase consultas a través de redes sociais (facebook, messenger, etc...).</p> <p>O chat só será de uso para os representantes da clase dunha maneira moi restrinxida con responsable da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADE, PLAN A, Examen escrito presencial (10 puntos, mínimo para aprobar cinco puntos), según procedemento establecido na guía GADU na data, lugar e hora aprobada no calendario oficial de exames na pertinente xunta de facultade.</p> <p>PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADE PLAN B, Só, en caso de novo estado de alarma, confinamento ou por determinación de normativa sobrevenida do Reitorado UDC. Realizarase examen escrito grabado Teams, coas novas tecnoloxías implantadas desde o Servizo Informático (49 cámaras/pantalla) e outras melloras. No se permitirá unha metodoloxía híbrida na realización do mencionado examen escrito. Calquera modificación normativa dende a Reitoría, orixinada polo contexto de pandemia, será consensuada entre o profesorado da materia.</p> <p>REVISIÓN: Presencial ou Oral Teams en data e hora a determinar.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios. Dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Campus Virtual</p>
-----------------------------	--



ubicados por cada un dos integrantes do profesorado da materia.



## Competencias do título

Código	Competencias do título
A3	Sintetizar y aplicar el conocimiento relevante de ciencias biológicas, médicas, humanas, psicológicas, sociales, tecnológicas y ocupacionales, junto con las teorías de ocupación y participación.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B5	Trabajar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional.
B7	Comunicarse de manera efectiva en un entorno de trabajo.
B8	Capacidad de análisis y de síntesis.
B9	Capacidad de aplicar los conocimientos a la práctica.
B10	Conocimientos básicos de la profesión.
B11	Capacidad para trabajar en un equipo interdisciplinar.
B12	Conocimientos generales básicos sobre el área de estudio.
B14	Habilidades interpersonales.
B29	Trabajo en equipo.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	A3	B2 B6 B8 B9 B11 B12 B14 B29	C4
Traballar aspectos de interese ocupacional e medio-ambiental desde a Atención do Adulto con Discapacidade Física desde o coñecemento da perspectiva xeral e integral da Rehabilitación Médica en contextos interdisciplinares.	A3	B2 B6 B8 B9 B11 B12 B14 B29	C4
Mellorar as habilidades e actitudes do estudante de Terapia Ocupacional como acode e como profesional adquirindo as competencias xenéricas asignadas.	A3	B5 B6 B7 B8 B10 B11 B29	C4
Coñecer aspectos relevantes da Rehabilitación médica e a Atención Integral do Adulto con Discapacidade Física como fundamento xeral e interdisciplinar previo ao estudo desde a perspectiva ocupacional e da contorna.	A3	B10 B11 B12 B29	C4
Desenvolverse como persoa, como profesional e como cidadán para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común, respectando os Dereitos Humanos e coidando a sustentabilidade do medio-ambiente.	A3	B11 B29	C4

## Contidos

Temas	Subtemas
PROF. SERGIO SANTOS DEL RIEGO	



Tema 1.- REHABILITACIÓN REUMATOLÓXICA.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Fundamentos básicos e xenerais de Rehabilitación Médica Reumatolóxica de interese para o terapeuta ocupacional:</li><li>- Reumatismos de partes brandas.</li><li>- Reumatismos dexenerativos: Formulación básica.</li><li>- Reumatismos inflamatorios: Formulación básica.</li><li>- Terapéutica integral interdisciplinar.</li></ul>
Tema 2.- TRAUMATOLOXÍA. QUEIMADURAS.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Conceptos xerais e principais fracturas de membro superior, columna e membro inferior.</li><li>- Síntese da terapéutica rehabilitadora traumatolóxica integral e interdisciplinar.</li><li>- Lesiones músculo-tendinosas e de nervios periféricos</li><li>- Queimaduras.</li></ul>
Tema 3.- FONIATRÍA E LOGOPEDIA.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Foniatría e Logopedia. Actuacións e patoloxías.</li><li>- Outros aspectos.</li></ul>
TEMA 4.- NIVEIS XERÁRQUICOS DO FUNCIONAMENTO DO CEREBRO. MÉTODOS DE FACILITACIÓN NEUROMUSCULAR PROPIOCEPTIVA.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Niveis xerárquicos do funcionamento do cerebro.</li><li>- Principais métodos de Facilitación Neuromuscular propioceptiva (FNP).</li><li>- Outros aspectos.</li></ul>
Tema 5.- PATOLOXÍA DO ÁMBITO SENSORIAL E XENERALIDADES. PERSPECTIVA MÉDICA.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Discapacidade visual no adulto.</li><li>- Discapacidade auditiva no adulto.</li></ul>
XX XXXXX	XX XX
PROF. ANTONIO MONTOTO MARQUÉS	
Tema 6.- REHABILITACIÓN EN PERSOAS CON DANO CEREBRAL: Fundamentos básicos e xenerais de Rehabilitación Médica Integral de interese para o terapeuta ocupacional.	<p>6.1.- ACCIDENTE CEREBROVASCULAR (ACV).</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Aspectos epidemiolóxicos.</li><li>- Tipos de ACV e Perfís clínicos.</li><li>- Clínica: déficits neurolóxicos.</li><li>- Diagnóstico.</li><li>- Tratamento rehabilitador: pronóstico de recuperación funcional. Valoración dos déficits (escalas). Achea da Rehabilitación na fase aguda. Obxectivos da Rehabilitación motora. Técnicas de reeducación.</li></ul> <p>6.2.- TRAUMATISMO CRANEOENCEFÁLICO (TCE).</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Definición.</li><li>- Epidemioloxía.</li><li>- Lesións focais. Dano axonal difuso.</li><li>- Medida de resultados no TCE.</li><li>- Niveis de resposta no TCE grave.</li><li>- Tipos de déficits.</li><li>- Abordaxe dos déficits cognitivos e conductuales.</li><li>- Estratexias da Rehabilitación na fase aguda</li><li>- Estratexias da Rehabilitación na fase subaguda</li></ul>
Tema 7.- AGNOSIAS.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Consideracións xerais sobre os sistemas sensoriais.</li><li>- Concepto de agnosia.</li><li>- Tipos de agnosias: visuais, auditivas, viso-espaciais, outras.</li><li>- Avaliación estandarizada.</li></ul>



Tema 8.- APRAXIAS	<ul style="list-style-type: none"><li>- Concepto.</li><li>- Tipos de apraxia: motoras, construtivas, da marcha, buco-facial, entre outras.</li><li>- Avaliación estandarizada.</li></ul>
Tema 9.- AFASIAS.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Concepto.</li><li>- Tipos de afasia.</li><li>- Diferenza con outros trastornos.</li><li>- Valoración.</li></ul>
XX XXXXX	XX
PROF. ANTONIO RODRÍGUEZ SOTILLO.	
Tema 10.- REHABILITACIÓN EN PERSOAS CON LESIÓN MEDULAR.	<p>9.1.- INTRODUCCIÓN Á LESIÓN MEDULAR:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Definición</li><li>- Lembro anatómico e funcional</li><li>- Antecedentes históricos</li><li>- Epidemioloxía da lesión medula de causa medica e traumática</li><li>- Fisiopatoloxía da lesión medular</li><li>- Aspectos antropolóxicos da lesión medular en Galicia e no mundo</li></ul> <p>9.2.- NOMENCLATURA:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Nivel Neurolóxico</li><li>- Clasificación ASIA</li><li>- Síndromes clínicas</li><li>- Niveis funcionais segundo a Clasificación ASIA</li><li>- Obxectivos do tratamento.</li><li>- Patocronia do tratamento de Rehabilitación.</li><li>- Prognóstico da lesión medular.</li></ul> <p>9.3.- LESIÓN MEDULAR. FASE AGUDA.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Diagnostico e erros frecuentes.</li><li>- Estudos radiolóxicos.</li><li>- Consecuencias clínicas e tratamento.</li><li>- Tratamento da lesión ósea. Prestacións en persoas con Lesión Medular.</li><li>- Salvación medular.</li></ul> <p>9.4.- COMPLICACIÓNS DA LESIÓN MEDULAR AGUDA E CRÓNICA.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Consecuencias da lesión medular.</li><li>- Complicacións fase aguda.</li><li>- Consecuencias da lesión medular crónica.</li></ul> <p>9.5.- TRATAMENTO INTEGRAL DA LESIÓN MEDULAR, CUSTOS E PREVENCIÓN.</p>
Tema 11.- TRASTORNOS DO MOVEMENTO, O EQUILIBRIO E A MARCHA. ENFERMIDADES DESMIELINIZANTES.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Enfermidade de Parkinson.</li><li>- Esclerosis Múltiple.</li><li>- Outras.</li></ul>



Tema 12.- ATAXIAS. ENFERMIDADES DE PRIMEIRA e SEGUNDA NEURONA. MIOPATÍAS.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ataxias.</li> <li>- Esclerosis Lateral Amiotrófica (ELA).</li> <li>- Neuropatías.</li> <li>- Miopatías.</li> <li>- Outras.</li> </ul>
Tema 13.- POLÍTICAS DE XESTIÓN EN REHABILITACIÓN. PRESTACIÓNS.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción á xestión en Rehabilitación. Áreas de xestión clínica.</li> <li>- Catálogo de prestacións SERGAS.</li> <li>- Catálogo prestacións para persoas con lesión medular.</li> </ul>
XX XXXXX	XX XX

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 B6 B7 B10 B11 B12 B29 C4	62	32.5	94.5
Estudo de casos	B2 B5 B8 B9 B14	14	0	14
Actividades iniciais	B6 C4	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Actividades iniciais	Actividades que levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.  Permite adquirir as competencias de inicio e adaptación desta materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos	<p>A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupales.</p> <p>Sobre a dedicación do estudio do alumnado con Matrícula Parcial:</p> <p>Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.</p>
-----------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	B2 B5 B8 B9 B14	Examen único da sesión maxistral e estudo de casos por oportunidade. A materia compórtase, avalíase e revísase como un todo. De suspender, no se guardan cualificacións parciais de ?partes de examen?.	0
Sesión maxistral	A3 B6 B7 B10 B11 B12 B29 C4	Examen único da sesión maxistral e estudo de casos por oportunidade. A materia compórtase, avalíase e revísase como un todo. De suspender, no se guardan cualificacións parciais de ?partes de examen?.	100

Observacións avaliación
-------------------------





## OBSERVACIÓNS ECOLÓXICAS:

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir o obxectivo estratéxico do Plan Green Campus FCS, os traballos documentais que se realicen nesta materia:

- a.- Mayoritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático.
- b.- De realizarse en papel:
  - Non se utilizarán plásticos.
  - Realizaranse impresións a dobre cara.
  - Empregarase papel reciclado.
  - Evitarase a realización de borradores.

**CUALIFICACIÓN DA MATERIA REHABILITACIÓN DO ADULTO CON DISCAPACIDADE FÍSICA DO GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL:** Un só e único exame escrito integrado por oportunidade, coa seguinte distribución de puntuacións:

- A. O Prof. Sergio Santos del Riego avaliará sobre 4 puntos (40%).
- B. O Prof. Antonio Rodríguez Sotillo avaliará sobre 3 puntos (30%).
- C. O Prof. Antonio Montoto Marqués avaliará sobre 3 puntos (30%).

A cualificación final do exame teórico (sesións maxistras e estudo de casos), e por tanto da asignatura, será o sumatorio de A+B+C. Só se revisará unha cualificación: a cualificación final, coa presenza conxunta -de ser factible- do profesorado da asignatura. Necesitarase unha cualificación igual ou maior a 5 puntos para aprobar a asignatura. Si a suma total fose inferior a 5 puntos, a cualificación final da materia será de suspenso/a.

## INFORMACIÓN SOBRE A CUALIFICACIÓN FINAL:

En relación coa convocatoria/curso, realizarase so un exame escrito final/oportunidade: un na primeira oportunidade e outro na segunda oportunidade (xuño-xullo) para preservar a equidade no trato cos estudantes. As datas dos exames estarán establecidas segundo o calendario oficial aprobado en Xunta de Facultade.

A materia compórtase, avalíase e revísase como un todo. De suspender, non se gardan cualificacións parciais de "partes do exame".O profesor responsable, co consenso do profesorado da materia, se reserva a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación, revisión ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación. Sobre Plagios:

"A

realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria".

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	? Miranda Mayordomo JL. Rehabilitación Médica. Aula Médica: Madrid; 2004 ? Manual SERMEF de Rehabilitación y Medicina Física, 2005. ? Rincón Herrera E, Sánchez-Ortiz Muñoz M, Ramos Santos R. Terapia Ocupacional: intervención en distintas patologías. Alcalá la Real (Jaén): Formación Alcalá 2007. ? Grieve J, Gnanasekaran L. Neuropsicología para terapeutas ocupacionales: cognición en el desempeño ocupacional. Madrid: Panamericana 2009. ? Frontera, WR.; Gans, BM.; Walsh, NE.; Robinson, LR. De Lisa´s Physical Medicine and Rehabilitation: Principles and Practice. Lippincott Williams & Wilkins: Filadelfia, 2010. ? Crepeau EB. Willard & Spackman, Terapia Ocupacional. Buenos Aires: Médica Panamericana 2011. ? Polonio B, Romero D. Terapia Ocupacional aplicada al daño cerebral adquirido. Ed Médica Panamericana 2010
<b>Bibliografía complementaria</b>	 

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



Materias que continúan o temario
Observacións
<p>1.- Recomendacións sobre sustentabilidade medio-ambiental. Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2020-2022)" os traballos documentais que se realicen nesta materia: a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. b.- De realizarse en papel. c.- Non se empregarán plásticos. d.- Realizaranse impresións a dobre cara. e.- Empregarase papel reciclado. f.- Evitarase a realización de borradores. 2.- Caso de detección de fraudes, copias ou plaxios. Caso de detectar fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia, implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0), invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria e remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou perpetua do/a alumno/a do título cursado.</p>

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías